

como consecuencia da aplicación, a partir do 9 de setembro de 1985, da orde da Presidencia do Goberno do 10 de agosto do mesmo ano, e da resolución da Dirección Xeral de Farmacia e Productos Sanitarios, dictada en desenvolvemento da anterior, nas que se estableceu unha nova marxe comercial nos prezos de venda ó público das especialidades farmacéuticas, que supuña unha redución do 2,5 por 100 sobre a anterior.

Posteriormente, a Orde do 19 de maio de 1987 do daquela Ministerio de Relacións coas Cortes e da Secretaría do Goberno dispuxo o cesamento da aplicación das novas marxes comerciais, en cumprimento do auto que o Tribunal Supremo dictou con data do 2 de marzo de 1987, no cal se ordenaba suspender a execución da Orde do 10 de agosto de 1985, e da resolución que a desenvolvía, como consecuencia do recurso interposto polo Consello Xeral de Colexios Oficiais de Farmacéuticos, no que pedía a anulación das ditas disposicións. A dita anulación prodúcese, finalmente, por sentenza do Tribunal Supremo con data do 4 de xullo de 1987.

As sentencias correspondentes ós recursos contencioso-administrativos interpostos polos titulares das oficinas de farmacia declaran a responsabilidade patrimonial do Estado e o dereito dos demandantes a seren indemnizados polos danos e perdas sufridos.

Para poder atender as compensacións derivadas das ditas sentencias tramítase esta lei de concesión dun crédito extraordinario por importe de 2.157.470.490 pesetas.

O importe de 2.157.470.490 pesetas comprende a suma das indemnizacións fixadas nas sentencias que dictaron o Tribunal Supremo e a Audiencia Nacional no período comprendido entre o 24 de xaneiro de 1994 e o 29 de maio de 1996, máis os xuros legais correspondentes, e a contía relativa a unha reclamación efectuada sobre estes mesmos feitos, e que foi aceptada sen necesidade de acudir á vía xudicial.

O crédito extraordinario tramítase de acordo co Consello de Estado, logo de informe favorable da Dirección Xeral de Orzamentos.

#### Artigo 1. *Concesión do crédito extraordinario.*

Concédesse un crédito extraordinario, por importe de 2.157.470.490 pesetas á sección 15, «Ministerio de Economía e Facenda»; servizo 02, «Secretaría Xeral Técnica»; programa 611A, «Dirección e Servizos Xerais de Economía e Facenda»; capítulo 2, «Gastos en bens correntes e servizos»; Artigo 22, «Material, subministracións e outros»; concepto 228, «Para o pagamento de indemnizacións, derivadas de sentencias do Tribunal Supremo e da Audiencia Nacional, dictadas ata o 24 de maio de 1996, e da reclamación RDP. 96.015, con data do 30 de xaneiro de 1996, a titulares das oficinas de farmacia».

#### Artigo 2. *Financiamento do crédito extraordinario.*

O crédito extraordinario ó que se refire o artigo anterior financiarase con Débeda Pública, de acordo co establecido no artigo 101 do texto refundido da Lei xeral orzamentaria, aprobado por Real decreto legislativo 1091/1988, do 23 de setembro.

#### Artículo 3. *Autorización para amplia-lo crédito extraordinario.*

Autorízase o ministro de Economía e Facenda a amplia-lo crédito que se concede, na cantidade que resulte necesaria para satisfacerlo exceso de xuros que se produzan ata o momento en que se efectúe o pagamento das sentencias e a resolución recollidas neste crédito extraordinario.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no Boletín Oficial del Estado.

Por tanto,

Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 5 de outubro de 1998.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,  
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

**23136** *LEI 33/1998, do 5 de outubro, de prohibición total de minas antipersoal e armas de efecto similar. («BOE» 239, do 6-10-1998.)*

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

#### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Esta lei pretende contribuír ó obxectivo de salvar as vidas de miles de vítimas inocentes e é a expresión da solidariedade de España con tódolos pobos da Terra.

O principio universalmente aceptado do dereito internacional humanitario, segundo o cal o dereito das partes nun conflito armado a elixir os métodos ou medios de combate non é ilimitado, impulsou unha serie de iniciativas a nivel internacional encamiñadas a prohibir o emprego nos conflitos armados de armas, proxectís, materiais e métodos de combate de natureza tal que causen danos superfluos ou sufrimentos innecesarios, especialmente á poboación civil.

No caso concreto das minas antipersoal, o seu uso indiscriminado nalgúns conflitos armados provocou unha situación na que millóns de artefactos deste tipo se encontran dispersos e incontrolados en extensas áreas dun gran número de países, dando lugar a cotío a mortes, mutilacións e sufrimentos de persoas inocentes ou indefensas, mesmo de nenos.

A comunidade internacional, liderada por Nacións Unidas, consciente dos desastres que provoca o uso indiscriminado destas armas nas poboacións de tantos países, convocou unha conferencia internacional que finalizou coa aprobación da Convención de 1980 sobre prohibicións ou restricións do emprego de certas armas convencionais que poidan considerarse excesivamente nocivas ou de efectos indiscriminados, e o seu Protocolo II trata precisamente das minas antipersoal.

En 1993, a Asemblea Xeral das Nacións Unidas aprobou unha resolución sobre «Suspensión da exportación de minas antipersoal» na que se exhortaba os Estados a que «conveñan en que se decreta unha suspensión da exportación das minas antipersoal que entrañan graves perigos para as poboacións civís».

As disposicións da Convención de 1980 fixéronse máis estrictas coa adopción do Protocolo II emendado na primeira conferencia de revisión da convención que finalizou o 31 de maio de 1996. Sen embargo, os resultados derivados da aprobación do novo texto non foron abundos. O movemento de opinión a escala mundial, mostra da toma de conciencia pública no fomento dos principios humanitarios, cristalizou nas Declaracións de Ottawa do 5 de outubro de 1996 e de Bruxelas do 27

de xuño de 1997, que instan a comunidade internacional a negociar un acordo xuridicamente vinculante que prohiba o uso, o almacenamento, a produción e as transferencias de minas antipersoal. Por iso, na Conferencia diplomática de Oslo, o 18 de setembro de 1997, que preparou o texto do Acordo asinado en Ottawa en decembro do mesmo ano, acordouse a prohibición do emprego, almacenamento, produción e transferencia de minas antipersoal e a destrución de tódalas existencias que posúa cada país parte da Convención, xa sexa en almacén ou en zonas minadas baixo a súa xurisdición ou control.

A actitude de España nesta cuestión foi sempre a de manter unha política activa de anticipación ás eventuais reformas da Convención de 1980, adoptando moratorias unilaterais á exportación e promovendo, xunto con outros gobernos, a aprobación de resolucións en Nacións Unidas que exhortan a que tódolos países se sumen a este tipo de medidas. Neste contexto figuran a moratoria española á exportación de minas de febreiro de 1994, renovada en febreiro de 1995, a moratoria con carácter indefinido aprobada polo Goberno español en maio de 1996 e a nosa adhesión á Acción Común da Unión Europea do 28 de novembro de 1997. Fiel expoñente desta actitude foi a participación española en tarefas multinacionais de detección e de limpeza de minas nos últimos anos.

Na mesma liña mantida ata o momento, e en coincidencia cos termos da proposición non de lei do Congreso dos Deputados do 25 de febreiro de 1997, o Goberno español continuará as accións xa emprendidas para lograla universalidade das medidas orientadas á prohibición de emprego e á eliminación das minas antipersoal, promovendo a adhesión a elas de tódolos países do mundo. Tamén promoverá a dita universalidade en tódolos foros internacionais pertinentes incluída, entre eles, a Conferencia de Desarmamento das Nacións Unidas.

Da mesma maneira continuará impulsando as tarefas humanitarias de limpeza de minas e as accións multilaterais necesarias para lograr tecnoloxías de localización, desactivación e destrución das minas antipersoal actualmente despregadas, así como para o apoio e a asistencia destinada á recuperación física e psicolóxica das súas innumerables vítimas.

O dito obxectivo tamén responde esta lei, que recolle e reflicte o noso apoio financeiro, técnico e humanitario ós programas de detección, desactivación edesmantelamento das minas existentes, ós de cooperación e asistencia ás súas vítimas (concienciación, educación e rehabilitación das poboacións afectadas), así como ó Fondo Fiduciario Internacional de Nacións Unidas para os ditos fins.

Esta lei dítase dentro do pleno apoio que España veu demostrando á eliminación total das minas antipersoal, tendo en conta os criterios establecidos na Convención de Ottawa de 1997 e en resposta á proposición non de lei do Congreso dos Deputados anteriormente citada.

#### Artigo 1. *Definición de mina antipersoal.*

Por «mina antipersoal» enténdese toda mina concibida para que estoure pola presenza, a proximidade ou o contacto dunha persoa, e que incapacite, fira ou mate a unha ou máis persoas. As minas deseñadas para detonar pola presenza, a proximidade ou o contacto dun vehículo e non dunha persoa, que estean provistas dun dispositivo antimanipulación, non son consideradas minas antipersoal por estaren así constituídas.

Por «mina» enténdese todo artefacto explosivo deseñado para ser colocado debaixo, sobre ou preto da super-

ficie do terreo ou outra superficie calquera e concibido para estourar pola presenza, a proximidade ou o contacto dunha persoa ou vehículo.

Por «dispositivo antimanipulación» enténdese un dispositivo destinado a protexer unha mina e que forma parte dela, que está conectado, fixado, ou colocado baixo a mina, e que se activa cando se intenta manipularla ou actuala intencionadamente dalgunha outra maneira.

Por «transferencia» enténdese, ademais do traslado físico de minas cara a ou desde o territorio nacional, a transferencia do dominio e do control sobre as minas, pero que non implica a transferencia de territorio que conteña minas antipersoal colocadas.

Por «medios de lanzamento ou dispersión de minas» enténdense aqueles vectores ou mecanismos especificamente concibidos como medio de lanzamento ou dispersión de minas antipersoal.

#### Artigo 2. *Prohibición total do emprego, o almacenamento, a produción e a transferencia de minas antipersoal.*

1. Queda prohibido o emprego, o desenvolvemento, a produción, a adquisición dun xeito ou doutro, o almacenamento, a conservación, a transferencia ou a exportación a calquera, directa ou indirectamente, das minas antipersoal e das armas de efecto similar especificadas no Protocolo II emendado da Convención de 1980, sobre prohibicións ou restricións do emprego de certas armas convencionais que poidan considerarse excesivamente nocivas ou de efectos indiscriminados, así como da súa tecnoloxía e patentes.

Igualmente queda prohibido axudar, estimular ou inducir, dun xeito ou doutro, a calquera a participar nunha actividade prohibida por esta lei.

2. A transferencia de minas antipersoal está permitida cando se realiza para a súa destrución.

#### Artigo 3. *Destrución das minas antipersoal.*

1. O Estado comprométese a destruír ou a garanti-la destrución de tódalas minas antipersoal.

O Ministerio de Defensa procederá á destrución de tódalas minas antipersoal almacenadas no prazo máis breve posible e como máximo en tres anos a partir da entrada en vigor desta lei.

A destrución das minas antipersoal farase mediante procedementos que respecten as condicións ambientais da zona en que se destrúan.

2. Tan pronto como sexa posible, e en calquera caso non máis tarde de cento oitenta días a partir da entrada en vigor da Convención de Ottawa, tódalas empresas productoras de minas antipersoal, así como calquera que poida posuílas con calquera propósito, deberán informalo Ministerio de Defensa do total das minas antipersoal que lles pertencen ou teñan, ou que estean baixo o seu control, incluíndo un detalle do tipo, cantidade e, se for posible, os números de lote de cada tipo de mina antipersoal en existencias e entregalas para que se poida proceder á súa destrución.

3. O Goberno informará as Cortes Xerais dos plans e dos prazos adecuados para proceder ó cumprimento efectivo do establecido neste artigo e de canto se dispón no artigo 7 da Convención de Ottawa, anualmente e ata a efectiva e total destrución das minas antipersoal existentes no territorio español.

#### Artigo 4. *Prohibición de utilizar medios de lanzamento ou dispersión de minas antipersoal.*

Queda prohibido o emprego, o desenvolvemento, a produción, a adquisición dun xeito ou doutro, o alma-

cenamento, a conservación, a transferencia ou a exportación a calquera, directa ou indirectamente, de vectores especificamente concibidos como medio de lanzamento ou dispersión de minas antipersoal, e de armas de efecto similar especificadas no Protocolo emendado II da Convención de 1980, así como da súa tecnoloxía.

Artigo 5. *Instrucción en técnicas de desminado.*

Sen prexuízo do establecido no artigo 2 desta lei, permítelleselle ó Ministerio de Defensa a retención ou a transferencia dunha cantidade de minas antipersoal para o desenvolvemento de técnicas de detección, limpeza ou destrución de minas e o adestramento nas ditas técnicas. A cantidade de tales minas non deberá exceder a cantidade mínima absolutamente necesaria para realiza-los propósitos mencionados máis arriba.

A destrución das minas antipersoal, á que fai referencia o artigo 3 desta lei, non afectará ás que se manteñan para os efectos sinalados no parágrafo anterior.

De acordo coas previsións establecidas polo artigo 3, número 3, desta lei, o Goberno informará as Cortes Xerais respecto das cantidades mínimas imprescindibles destinadas ó desenvolvemento de técnicas de detección, limpeza ou destrución de minas, con especial detalle das transferencias que puidesen ter sido realizadas con estes propósitos.

O Goberno modificará os documentos que conteñen a doutrina de defensa española de acordo coas disposicións e prohibicións desta lei.

Artigo 6. *Cooperación internacional e apoio ós programas para o desminado.*

1. O Goberno adoptará cantas disposicións foren necesarias para seguir comprometendo o apoio financeiro e a colaboración en programas e en proxectos de axuda humanitaria, no marco das campañas internacionais con este fin, tanto de carácter bilateral ou multilateral, que requiran a contribución e o apoio por parte de España para a detección, a desactivación e o desmantelamento das minas existentes noutros Estados.

2. O Goberno manterá a necesaria provisión dunha partida orzamentaria anual específica en apoio do Fondo Fiduciario de Nacións Unidas para programas de desminado, así como unha contribución tecnolóxica e de formación de equipos adecuados para contribuír á súa total erradicación.

3. O Goberno adoptará cantas disposicións foren necesarias para seguir comprometendo o apoio financeiro e a colaboración de España en programas de cooperación e asistencia ás vítimas de minas antipersoal, incluíndo programas de concienciación, de prevención de accidentes, de educación e de rehabilitación das poboacións afectadas.

4. Nos compromisos ou acordos de cooperación para operacións de desminado que, por acordo bilateral ou por solicitude dos organismos internacionais dos que forme parte o Reino de España, sexan contraídos polo Goberno español, o Ministerio de Defensa destacará en misións específicas ó persoal militar profesional especialista nas técnicas de desminado, para realiza-las correspondentes actuacións de detección, limpeza e eliminación das minas antipersoal.

Disposición adicional primeira. *Financiamento.*

Os gastos ocasionados pola destrución das minas antipersoal almacenadas serán financiados cos créditos correspondentes do Ministerio de Defensa.

Disposición adicional segunda. *Sancións.*

O incumprimento das obrigas establecidas nesta lei será sancionable de acordo coa lexislación sectorial correspondente.

O Goberno adoptará tódalas medidas legais, administrativas e doutra índole que procedan para previr e reprimir calquera actividade prohibida por esta lei.

Disposición derogatoria única.

Quedan derogadas tódalas normas de igual ou inferior rango no que contradigan ou se opoñan ó disposto nesta lei.

Disposición derradeira primeira. *Facultades de desenvolvemento e execución.*

Autorízase o Consello de Ministros para dicta-las disposicións necesarias en desenvolvemento desta lei, por proposta dos ministros de Asuntos Exteriores, de Defensa e de Economía e Facenda.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no Boletín Oficial del Estado.

Por tanto,

Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 5 de outubro de 1998.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,  
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

**23284** LEI 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos. («BOE» 241, do 8-10-1998.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A presente lei ten por obxecto renovar, integrar e homoxeneiza-la distinta normativa legal vixente en materia de hidrocarburos. Preténdese, por tanto, conseguir unha regulación máis aberta, na que os poderes públicos salvagarden os intereses xerais a través da propia normativa, limitando a súa intervención directa nos mercados cando existan situacións de emerxencia. Esta regulación debe permitir, ademais, que a libre iniciativa empresarial amplie o seu campo de actuación e maila introducción no noso ordenamento xurídico de realidades técnicas e mercantís socialmente asumidas, pero carentes, neste momento, do encaixe legal adecuado. Así mesmo, paralelamente a esta apertura da lexislación débese afondar nos mecanismos da información detallada polos axentes do mercado ás administracións competentes, para permiti-la constatación da consecución dos obxectivos propostos coa liberalización dos mercados.

Esta lei persegue proporcionar un tratamento integrado a unha industria verticalmente articulada. Desde a produción de hidrocarburos nun xacigo subterráneo